

2: PROBAMOS ALIMENTOS FRIOS E QUENTES

Con estas actividades o que pretendemos é traballar a estimulación gustativa brindándolles aos nenos e nenas a experiencia dos distintos sabores e temperaturas dos alimentos. Para levar a cabo a actividade debemos ter en conta as características de tragado de cada neno.

Para desenvolver a actividade utilizaremos os propios alimentos do neno (puré, xelatina, iogures, alimentos sólidos, auga, leite...). O obxectivo que pretendemos conseguir é que os nenos perciban a diferenza de temperatura duns alimentos a outros, ao mesmo tempo que traballamos a textura e os sabores.

- ❖ Podemos empezar estimulando os beizos dos nenos, usando as nosas propias mans, un pincel ou incluso unha pluma.
- ❖ A continuación podemos colocar o alimento nos seus beizos para que o que poida o retire coa súa lingua
- ❖ Seguidamente darémoslle os alimentos intercambiándoos cada pouco para que o neno note a diferenza de temperatura entre un alimento e outro.

Apoiaremos a actividade utilizando os pictogramas correspondentes: frío, quente, comer, iogurt, puré, comer, beber....






SOPA



PETIT-SUISSE



HELADO



COMER



BEBER



FRÍO



QUENTE